

ACTA

REUNIÓN ORDINARIA DE XUNTA DE GOBERNO:

DATA: venres 28 de marzo de 2025

HORARIO: 17.00-20.00 h.

SESIÓN: mixta (presencial e online)

LUGAR: .rúa Dublín nº 6 baixo, Santiago de Compostela (sede COTSG)

RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES:

- Ana María Vilar Varela (Vicepresidencia) online
- María Rosario Capelo Casas (Secretaría)
- Antonio Doval Canabal (Tesouraría)
- Cristina Díaz Mira (Vogal) online
- María Elena Gómez Fernández (Vogal) online
- María Amparo Borrajo González (Vogal)
- María Isabel Fernández Lema (Vogal)
- David Gontán Varela (Técnico COTSG)

RELACIÓN DE PERSOAS AUSENTES :

- Miriam Rodríguez Sierra (Presidencia)
- Belén Vázquez Iglesias (Vogal)

1. Aprobación de actas, se procede, ordinaria do 28 de febreiro de 2025.

Aprobada por unanimidade.

2. Queixas chegadas ao buzón.

Dáse lectura a queixa 8-2025 e acordase dälle arquivo.

3. Grupos de Traballo.

Acordase rematar a actividade dos grupos de traballo que actualmente non teñen obxectivos de traballo e baixa participación, son os de inclusión, feminismos e valoración de informes.

En canto o grupo de traballo de educación, a persoa responsable de xunta de goberno sexa Isabel Fernández Lema.

4. Dar conta da reunión coa Funga.

A vogal Isabel Fernández Lema traslada que na reunión que asistiu acompañada polo coordinador do Cotsg, poido ver as instalacións e coñecer ao persoal de Traballo Social da Fundación.

Acordouse ver liñas de colaboración como organizar formacións. E convidouse a que o persoal que traballa na Funga poida participar no grupo de traballo de saúde mental.

5. Elixir persoas responsables para o grupo de Emerxencias.

Acordase que as persoas responsables, que asumen a representación da entidade fronte ao organismo competente en materia de protección civil da Xunta de Galicia sexan:

- Antonio Doval Canabal
- María Olivares Lemos
- David Gontán Varela
- Isabel Fernández Lema

Quedando como suplentes :

- Cristina Díaz Mira e Elena Gómez Fernández.

6. Dar conta da reunión coas organización en relación á Dependencia

Informase a xunta de goberno, da reunión mantida o xoves 20 de marzo con entidades sociais que pertencen ao Consello Galego de Benestar Social, a que acoden :

- Cotsg, -CCOO, - SLG, -CIG, -EAPN, -FADEMGA, -COGAMI

Onde se acorda que as entidades elaboren un documento, para mandar a outras organizacións e ampliar o grupo. Coa intención de facer un fronte común de loita contra os cambios de Dependencia.

7. Avaliación da xornada do día mundial do Traballo Social

Analízase a xornada polo día mundial do Traballo Social, para ver as potencialidades e erros que puideron xurdir.

8. Estratexia de comunicación

Acordase realizar entrevistas no blog, as persoas premiadas na categoría de boas prácticas e TFG, e as persoas recoñecidas como a colexiada máis nova e de maior idade.

9. Asemblea xeral

Acordase traballar na presentación de documentos de cara a poder realizala no mes de maio de 2025

Rogos e preguntas

- Acordase solicitar un presuposto para compra de material para gravación de podcast.
- Acordase solicitar presupostos para photocall para decoración en eventos.
- Propoñer ao grupo de traballo en educación, sacar artigo en referencia a necesidade de intervención social nos centros educativos.
- Acordase cambiar o horario da asesoría xurídica para martes e xoves de 09.00 a 14.00 e de 16.00 a 18.00.
- Dar contestación as solicitudes de xuntanzas.

- Acordase a sinatura de convenios con Premir e Centro Estudio.
- Acordase propoñer curso de xénero presencial en Vigo.
- Acordase dar publicidade ao escrito dos traballadores de saúde mental do CHUO.

ALTAS E BAIXAS

Número total de colexiación: **3409**

Altas:

4710, 4711, 4712, 4713, 2677, 4714, 4715, 2911, 4716, 4717, 4718, 4719, 4720, 4721, 4722, 2840, 4723

Baixas

Nº COLEXIACIÓN	MOTIVO
4333	Desemprego
4382	Traballa no GC 10
4314	Traballa no GC 02. Traballadora Social na Asociación Amaina
4196	Traballa no GC 04
2375	Persoal docente ensinanza diversas
437	Falecemento

En Santiago de Compostela a 28 de marzo de 2025

Visto e prace:



Asdo: a Vicepresidenta



Asdo: a Secretaria